

VII CARREIRA POLA RÍA DO BURGO

10 DE XUÑO 2018



REGULAMENTO

1.-O Concello de Culleredo organiza, en colaboración coa Federación Galega de Atletismo e a Deputación da Coruña, a VI Carreira pola ría do Burgo, prevista para o domingo 10 de xuño, e que chega á súa quinta edición logo de celebrarse de xeito ininterrompido desde o ano 2012 por iniciativa da Asociación Castelo Deporte. A proba forma parte do VI Circuito Provincial de Carreiras Populares da Deputación da Coruña.

2.-DENOMINACIÓN. A proba recibe a seguinte denominación: “VII Carreira pola ría do Burgo”.

3.-DATA E LUGAR. A proba celebrarase o domingo 10 de xuño no paseo marítimo da ría do Burgo, no termo municipal de Culleredo, con saída e meta nas instalacións situadas ao pé da ría, na zona das pistas polideportivas

4.-CATEGORÍAS, DISTANCIAS E HORARIOS: Establécense as seguintes categorías, en función da data de nacemento dos participantes, coas súas correspondentes distancias (existen ata cinco percorridos diferentes):

	CATEGORÍA	NADOS/AS	DISTANCIAS aproximadas	HORA
MENORES SEN CLASIFICACION	Pequerrecho	2013 -2014	80 m	13:10
	Prebenxamín	2011 -2012	150 m	13:00
MENORES	Benx /Sub 10	2009-2010	1000 m	12:50
	Alevín /Sub 12	2007-2008		
	Infantil / Sub 14	2005-2006	2000 m	12:30
	Cadete / Sub 16	2003-2004		
	Xuvenil /Sub 18	2001-2002		
ABSOLUTA	Junior/Sub 20	1999-2000	10000 m	11:00
	Promesa/Sub 23	1996-1997-1998		
	Senior	1995 a 1984		
	Máster 1	1983-1978		
	Máster 2	1977-1969		
	Máster 3	1968-1959		
	Máster 4	1958 e anos anteriores		

VII CARREIRA POLA RIA DO BURGO

10 DE XUÑO 2018



5.-INSCRICIÓNS: Permanecerán abertas desde o martes 15 de maio ás 00:00 horas ata as 23:59 do martes 5 de xuño na web www.carreirasgalegas.com; o prezo da mesma será de 5 euros, agás nas carreiras de menos dos 10 km da proba absoluta, en cuxo caso o prezo será de 3 euros, que en todo caso se aboará no momento da inscrición. O número máximo de participantes será de 999.

6.-PREMIOS: Entregaranse trofeos aos tres primeiros clasificados das categorías masculina e feminina de todas as categorías, agás todos os nenos e nenas participantes nas categorías pequerrechos e prebenxamín que recibirán unha medalla.

7.-DORSAIS E CRONOMETRAXE: A proba estará cronometrada pola Federación Galega de Atletismo. Os chips de cronometraxe irán adheridos ao dorsal e poderán recollese entre o venres 8 de maio de 18:00 horas a 20:30 horas e o sábado 9 de xuño de 11:00 a 13:00 horas e de 18:00 a 20:30 horas no Xardín Botánico do paseo marítimo, ou ben na zona de saída e meta entre as 9:00 e as 10:30 horas o mesmo día da carreira. Cronometraranse electronicamente todas as categorías agás a de pequerrechos e prebenxamín.

8.-AVITUALLAMENTO: Será na zona de meta para todas as categorías. Nos 10 km haberá tamén outro a metade de percorrido.

9.-OBSEQUIO DE PARTICIPACIÓN. Cada participante terá acceso, coa inscrición, a unha camiseta conmemorativa, que será entregada no momento de retirada de dorsais.

10.-SERVIZOS. Ademais de contar cos servizos dunha ambulancia medicalizada presente na zona de meta, os participantes estarán cubertos polo correspondente seguro de accidentes da proba. Non haberá servizo de vestiarios e duchas.

11.-RECLAMACIÓNS. As reclamacións aos resultados oficiais deberán formularse verbalmente ao xuíz árbitro da Competición non máis tarde de trinta minutos despois da publicación dos mesmos. Todo o non previsto no presente regulamento, resolverase de acordo co Regulamento da F.G.A., e R.F.E.A. en vigor.

12.-MÁIS INFORMACIÓN na web www.carreirasgalegas.com

OUTRAS DISPOSICIÓNS

ASISTENCIA MÉDICA E SEGUROS: A organización contará con servizos médicos e ambulancia na zona de saída/meta. Os servizos médicos e o xuíz árbitro da competición están facultados para retirar da carreira a calquera participante que manfeste un mal estado físico durante o desenvolvemento da mesma.

SEGURO: Todos os participantes estarán amparados por unha póliza de Responsabilidade Civil e accidentes deportivos, que cubrirá os accidentes que se produzan como consecuencia directa do desenvolvemento da proba. Quedan excluídos os casos derivados dun padecimento latente, imprudencia ou inobservancia das leis, da normativa da competición, etc. Tamén quedan excluídos os casos producidos polo desprazamento ao lugar da competición ou desde o mesmo. A inscrición implica ler, entender e adquirir o compromiso que a continuación se

VII CARREIRA POLA RIA DO BURGO

10 DE XUÑO 2018



expón: Certifico que estou en bo estado físico. Eximo de toda responsabilidade que da participación no evento puidese derivarse, á organización, patrocinadores comerciais ou sponsors, empregados e demais organizadores. Coa realización da inscrición, todo participante cede os seus dereitos de imaxe á organización, que utilizará as imaxes de acordo coa Lei de Protección de Datos.

ACEPTACIÓN DO REGULAMENTO: Todos os participantes, polo feito de inscribirse e tomar a saída na carreira, aceptan o presente regulamento, e no caso de dúbida ou de xurdir alguna situación non prevista no mesmo, resolverase de acordo ao que dispoña o Comité Organizador e polas normas da FGA, RFEA e IAAF en vigor.

LOPD: Ao realizaren a inscrición, todos os/as corredores/as aceptan a publicación do seu nome e imaxe nas clasificacións, medios de comunicación e/ou internet.

NOTA: Esta proba pertence ao Calendario Oficial da Federación Galega de Atletismo e mediante a súa inscrición o corredor consente expresamente que os seus datos básicos sexan cedidos a esta entidade para a tramitación, ante a compañía de seguros, dos seguros obrigatorios de accidentes e Responsabilidade Civil así como a xestión da licenza de día de ránking popular e probas de ruta. En todo caso e tal como establece a Lei de protección de datos, a persoa interesada pode exercer no futuro os seus dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición mediante escrito ou correo electrónico á Federación Galega de Atletismo. Avda. de Gasgow 13 15008 A Coruña.

Percorrido de 10Km



VII CARREIRA POLA RIA DO BURGO

10 DE XUÑO 2018



Percorrido de 1Km

